

De 15 a 15 | Curso de Cultura Galega Actual
— Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa —
13 de febreiro a 19 de xuño

Descrición xeral

De 15 a 15 | Curso de Cultura Galega Actual representa unha nova fase da colaboración institucional entre o Centro de Estudos Galegos (FCSH/NOVA) e a Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa. Impartido polo lector do Centro de Estudos Galegos, Isaac Lourido, o Curso ten como principal obxectivo dar a coñecer as principais novidades, acontecementos e debates da cultura galega na actualidade. Dado que a difusión da cultura galega no exterior tendeu a privilexiar unha óptica histórica que, nalgúns casos, reduciu a súa diversidade, o Curso pretende divulgar o dinamismo da cultura galega dos últimos anos a través dun contacto directo cos propios materiais (libros, discos, filmes, series, fotografías, obras de arte, etc.) e da información fornecida polos medios de comunicación.

Horario e calendario

Datas: 13 de febreiro a 19 de xuño de 2015

Sesións: Dúas sesións ao mes, os venres de tarde, nos seguintes días: 13 e 27 de febreiro, 13 e 27 de marzo, 10 e 24 de abril, 8 e 22 de maio, e 5 e 19 de xuño.

Horario: 19:00 a 20:30 h.

Contidos

Os contidos do curso atenderán de forma prioritaria a situación da cultura galega do século XXI, cunha atención plural e equilibrada aos seus fenómenos e manifestacións. Con todo, a definición final dos contidos será tamén o resultado das novidades que a cultura galega vaia fornecendo durante os meses que dura o curso, ben como dos intereses e gustos que o alumnado exprese durante as aulas.

Planificación provisoria das sesións:

Sesión 1. Introducción á cultura galega actual. Diversidade, emerxencia e debates.

Sesión 2. A cultura galega na rede. Medios de comunicación, novas tecnoloxías e recursos culturais.

Sesión 3. Cidades e centros culturais galegos do século XXI.

Sesión 4. A música galega: Folclore, estilos contemporáneos e propostas alternativas.

Sesión 5. A literatura galega actual.

Sesión 6. Festas e festivais, romarías e meetings. A cultura galega nos espazos públicos.

Sesión 7. A creación audiovisual galega: Do Novo Cinema Galego ás webseries.

Sesión 8. Museus e equipamentos culturais da Galiza actual.

Sesión 9. Patrimonio cultural galego e modelos para o turismo.

Sesión 10. Culturas académicas e laborais: Estudar e traballar na Galiza actual.

Os contidos das sesións poderá verse alterado pola inclusión das actividades programadas conxuntamente polo Centro de Estudos Galegos e a Xuventude de Galicia (conferencias de persoas convidadas, presentacións de libros, concertos, etc.), especialmente no mes de maio pola celebración do Día das Letras Galegas.

Alumnado e inscrición

O curso é gratuito e está aberto a todas as persoas interesadas. As inscricións deberán formalizarse de forma preferente até o día 12 de febreiro no enderezo electrónico geral@juventudedagaliza.com ou no teléfono 21 885 36 80 (Xuventude de Galicia). Non haberá impedimento para a incorporación de novos alumnos durante todo o curso.